

Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións***NOMEAMENTOS E CESES DE PERSOAL EVENTUAL**ANUNCIO**NOMEAMENTOS E CESES DE PERSOAL EVENTUAL*

Por Resolucións da Excm. Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) e o artigo 104.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de datas de sinatura dixital 05/09/2023, 11/09/2023, 19/12/2023, 03/04/2024, 06/05/2025, procedeuse ao nomeamento e/ou cesamento de persoal eventual na lexislatura 2023-2027 (Expediente administrativo núm. 34264/220).

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Por resolución de data de sinatura dixital 05/09/2023:

“PRIMEIRO.— Aceptar a renuncia presentada por D^a M. M. Méndez Martínez, con número de persoal 83094, cesando en consecuencia na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, con efectos económicos e administrativos do 5 de setembro de 2023.

SEGUNDO.— Dispoñer que se proceda a notificar a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal, Grupo Municipal socialista no Concello de Vigo e persoas interesadas aos efectos procedentes.

TERCEIRO.— Informar que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa”.

Por resolución de data de sinatura dixital 11/09/2023:

“Nomear, con efectos económicos e administrativos do 11 de setembro do 2023, ao persoal eventual que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, contido no cadro 1 subseguinte:



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

CADRO 1

<i>POSTO DE TRABALLO (reservado a persoal eventual na RPT 2023)</i>	<i>DEDICACIÓN</i>	<i>RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL</i>	<i>NOME E APELIDOS</i>
Auxiliar eventual	Xornada completa	24.988,60 €	M. T. GIMENO PÉREZ

Notifíquese a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal, Grupo Municipal socialista no Concello de Vigo e persoas interesadas aos efectos procedentes”.

Por resolución de data de sinatura dixital 19/12/2023:

“PRIMEIRO.— Cesar a D^a N. Sainz Fernández, asesora, con nº de persoal 85116, na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, con efectos económicos e administrativos do 31 de decembro de 2023.

SEGUNDO.— Nomer a D. D. Lorenzo Fontán, con DNI ***5166**, como persoal eventual para o posto de asesor, en réxime de dedicación completa, retribución anual de 34.968,92 € con efectos do 01/01/2024.

TERCEIRO.— Dispoñer que se proceda a notificar a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal, Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo e persoas interesadas aos efectos procedentes.

CUARTO.— Informar que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa”.

Por resolución de data de sinatura dixital 03/04/2024:

“PRIMEIRO.— Nomear a D^a M. B. Porteiro Novoa con DNI ***7766**, como persoal eventual para o posto de auxiliar eventual, en réxime de dedicación completa, retribución anual de 24.988,60 €/ano con efectos administrativos e económicos dende o día seguinte á notificación da resolución.

SEGUNDO.— Dispoñer que se proceda a notificar a presente resolución á Concellería da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UMTESRRBSXOC650Z



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal e persoas interesadas aos efectos procedentes.

TERCEIRO.— Informar que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa”.

Por resolución de data de sinatura dixital 06/05/2025:

“PRIMEIRO.— Nomear a D. D. Ricart Alonso, con DNI ***5455**, como persoal eventual para o posto de auxiliar eventual, en réxime de dedicación completa, retribución anual de 25.737,04 €, con efectos administrativos e económicos dende o día seguinte á notificación da resolución.

SEGUNDO.— Dispoñer que se proceda a notificar a presente resolución á Concellería da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal e persoas interesadas aos efectos procedentes.

TERCEIRO.— Informar que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa”.

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde.

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez.

P.D. O segundo Tenente de Alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución de data 07/05/2025).- Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:UMTESRRBSXOC650Z

